

Estimadas familias,

Somos Rexenerando, unha cooperativa sen ánimo de lucro que está a impulsar o **Laboratorio de Apoderamento LGBT+**, un proxecto de innovación educativa sobre diversidade sexual financiado pola Deputación da Coruña que conta coa colaboración de seis Concellos e centros educativos da comarca de Ferrolterra.

Se estás a ler isto é porque o teu centro e, en concreto a aula da túa filla/o/e ou menor a cargo, participa deste proxecto.

Durante os meses de outubro e novembro, realizaremos varias **sesións de traballo co alumnado** nas que:

- 1- Reflexionaremos sobre a diversidade sexual, aprendendo sobre conceptos chave e cuestionando mitos e prexuizos asociados.
- 2- Compartiremos un espazo con alumnado voluntario onde analizar as necesidades concretas que detectan en relación ao tema.
- 3- Crearemos e deseñaremos prototipos de intervención para a mellora da vida da mocidade, procurando que sexa un impulso para a activación de accións e /ou inspiración para os centros educativos e Concellos.

Na sesión 2 e 3 só participará alumnado voluntario interesado en formar parte do proxecto e activarse contra a lgbtfobia.

Podes atopar máis información no dossier da actividade: [i.gal/LAB\\_LGBT](http://i.gal/LAB_LGBT).

Antes da sesión, precisamos que o alumnado cubra un formulario para coñecer o estado da cuestión e poder abordar o tema en cada aula da mellor forma posible. Este formulario será enviado dixitalmente a través da plataforma Abalar ou en formato físico, segundo o criterio da titora ou titor de referencia.

Ademais, para a divulgación do proxecto, realizaremos fotografías e vídeos nas sesións de traballo, polo que precisamos que nos cubrades o **documento de dereitos de imaxe** consentindo ou non a participación da/o/e menor en fotografías ou vídeos divulgativos. Farémosvos chegar o documento a través do alumnado. Tamén está dispoñible en [i.gal/LAB\\_imaxe](http://i.gal/LAB_imaxe). Se o prefires, envíanos o documento asinado indicando nome e centro educativo a [paola@rexenerando.com](mailto:paola@rexenerando.com).

Por último, **queremos convidaros ao obradoiro que realizaremos para familias, docentes, e persoal de administración e servizos dos centros educativos.**

Trátase dun obradoiro con dúas sesións de 2 h cada unha, onde o tema principal será *como acompañar a mocidade na diversidade sexual*. É unha formación para todas as adultas, independentemente da orientación, identidade ou expresión de xénero da mocidade que acompañe.

Se tes interese en **inscribirte**, podes facelo a través do seguinte enlace: [i.gal/LAB\\_LGBT\\_ADULTAS](http://i.gal/LAB_LGBT_ADULTAS).

Convidámosvos a seguir esta iniciativa nas nosas redes @laboratorio\_lgbt e @rexenerandocoop e a contactar con nós se precisades máis información ou queredes realizar algunha suxestión no correo [paola@rexenerando.com](mailto:paola@rexenerando.com) ou [info@rexenerando.com](mailto:info@rexenerando.com).

Moitas grazas de antemán,

Olga, Martín, Paola e Andrea | Rexenerando S. Coop. Galega.

Este proxecto é posible grazas ao programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o mantemento de programas en políticas de xénero no ano 2024 da Deputación da Coruña.